



BANDO

MEDIDAS ADOPTADAS POLO CONCELLO EN RELACIÓN COA PROPAGACIÓN DO CORONAVIRUS

O Concello de Vedra comunica a toda a veciñanza que en cumprimento das instrucións para a prevención da propagación do coronavirus (COVID-19), decretadas pola Xunta de Galicia e o Goberno central, este Concello toma as seguintes medidas:

A partir do venres 13 de marzo:

- Peche de todos os centros sociocomunitarios
- Suspensión de todas as actividades municipais (sociais, culturais, deportivas, etc)
- Limitación a 50 persoas o aforo para espazos pechados

En relación á atención ao público nas dependencias municipais:

-A atención presencial no Concello limitarase só a casos de urxencia ou extrema necesidade, chamando con anterioridade ao Concello para verificar a citada necesidade e concertar cita no teléfono 981.814.612.

Medios para tramitación a distancia:

- Na sede electrónica municipal: <https://sede.vedra.es/>
- Vía telefónica: 981.814.612

RECOMENDACIÓNS:

-As asociacións e entidades do Concello deben ser especialmente coidadosas coas recomendacións anteriores durante os próximos 15 días

-Non facer viaxes e desprazamentos que non sexan imprescindibles

-Non visitar centros de maiores, hospitais e centros médicos salvo casos de extrema necesidade

-Lavar con frecuencia mans e cara con auga e xabón.

-Evitar no máximo posible o contacto físico, especialmente con persoas dos grupos de risco.

RECOMÉNDASE SEGUIR AS INSTRUCIÓNS DITADAS POLO MINISTERIO DE SANIDADE E A CONSELLERÍA DE SANIDADE.

Teléfono de información para casos **leves**: **900 400 116**

Teléfono para emerxencias e casos **graves**: **061**

Pregamos a toda a veciñanza que colabore para evitar a propagación deste virus evitando toda situación de risco e cumprindo coas indicacións do Ministerio de Sanidade.

Para máis información municipal sobre este asunto: **981 814 612**

Vedra, 12 de marzo de 2020
O Alcalde,

Carlos Martínez Carrillo

